



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN
DATA 7 DE OUTUBRO DE 2015.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, D. Emilio Villarrea Méndez, D^a. María Soledad Rey Yáñez, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Saray Blanco Canoura, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. M^a Jesús Vale López, D^a. Belinda Bermúdez Otero e D. Víctor Marcial Miranda Gómez.

INTERVENTORA

D^a. Rosa Abelleira Fernández

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día sete de outubro de dous mil quince, reúnense, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello. Excusa a súa asistencia o concelleiro D. Bernardo Fraga Galdo.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN DE ACTAS DAS SESIÓNS DE DATA 20/07/2015 E 02/09/2015.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., D^a. Isabel Rodríguez López, para aclarar diversos erros na acta do pleno de 20 de xuño, manifestando o seguinte

- Na páxina 6, onde di 200 é centros, onde di cento sesenta e dous mil e cento setenta e dous, infracción é educación, 574.818 é 564.818'43, 195 é 189.495'10, 108.000 é 88.812'91, 145.000 é 142.995, Viveiro é TurViveiro.

Na páxina 12 cando se di que tamén que xa se arranxou en Chavín, ese aspecto correspóndese á páxina 11.

Non existindo máis obxeccións procédese á aprobación por unanimidade das actas de data 20/07/2015 e 02/09/2015.



2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A Sra. Alcaldesa dá conta das Resolucions dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, dase por informado das Resolucions dictadas pola Alcaldía.

3.- MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE VIVEIRO PARA 2015, VÍA CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

Vista a proposta de modificación do orzamento do Concello de Viveiro para 2015, vía crédito extraordinario, por importe de 287.540,08 euros, ós efectos de dotar de consignación orzamentaria as reclamacións presentadas pola empresa VIAQUA respecto á xestión da EDAR na anualidade de 2013 e o primeiro semestre de 2014, financiada con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto o informe favorable de intervención á referida proposta.

Resultando que a proposta sinalada foi dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Intervén a Sra. Alcaldesa para proceder ó inicio do debate, concedéndolle a palabra ó concelleiro de facenda, D. Jesús Fernández Fernández.

Intervén o concelleiro de facenda, D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que tal e como e falou na Comisión de Economía esto correspondese a que o canon por depuración contrato con Viaqua dende 2009. Hai unha sentenza dende “” a 2012 da a razón ós servizos económicos que non estaban de acordo coa reclamación inicial de Viaqua. Sinala que se corresponde co 2013 e 1º semestre de 2014, cando non se aplicaba o canon ós contribuíntes, polo que indica que hai pendente as seguintes cantidades:

189.992'93 -> 2013

97.592'15 -> 2014

Engade que se trae esta proposta para poder pagar sin ir ós xulgados esta cuantía, que a empresa ten que cobrar , e se se aproba, nos seguintes puntos aprobaríanse os convenios. A deuda anterior da que xa hai sentenza vaise pagar en 4 anos.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que sería interesante saber cando se lle notificou ó concello a sentenza 124/2015 dos anos 2009 ó 2012.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Manuel Galdo Dopico, para dicir que a posición do BNG é abstención, valorando positivamente o acordo con Viaqua con renuncia de xuros e costas e comentando que no 2009 e 2012 foron gastos que asumiu a Deputación. Di que cómpre pechar páxina e liquidar, e engade que non ter que ir a un pleito non está mal pero cree que se alongou demasiado.



Intervén D. Víctor Marcial Miranda Gómez, como Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que isto pasa pola privatización deste servizo público básico. No ano 2009 un compañeiro dixo que era pan para hoxe. Engade que logo se ampliou o contrato con algo ridículo, obras que aínda non se fixeron. Tamén sinala que isto se sabía antes dos orzamentos 2015, e se ía pagar pola xestión dunha instalación que naceu obsoleta e segundo o que di Viaqua querían saber se é viable.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que sen fan as Comisións Informativas previas cos técnicos e ahí é onde hai que facer as preguntas.

Intervén o concelleiro de facenda para dicir que lle contesta ó Sr. Bouza que os servizos xurídicos da Deputación remitiron a sentenza o 14 de xullo de 2015 e é de data 24/06. Ó BNG dille que si se pode negociar sen ir ó xulgado mellor. Engade que na reclamación inicial de Viaqua de 2009 a 2012 pedían 1.272.491'28€ sen IVE e que tras tiras e afloxas polos servizos de intervención se fixo un cálculo estimado de sobre 700.000€. Logo Viaqua, case de acordo na cantidade solicitaba 4.000€ máis do que decía intervención. Apunta así mesmo que a sentenza di que a cantidade final non sería superior á reclamada como principal, polo que se aforraron 400.000€, do que sinala que non hai que pagar por pagar. Contestando a Son Viveiro sinala que no ano 2009, no pleno 25 de novembro, foi na Comisión de Facenda acordado por unanimidade, cun representante que está hoxe no partido, e no pleno unanimidade, e púxose unha cantidade de sobre 300.000€ por ano ó que había que descontar a factura da luz, Viaqua non descontaba nada. A sentenza é para cumprir, pero a raíz dela, e dado que estaba pendente 2013 e 2014 optouse por negociar para pagar se intereses e costas estas cuantías.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que se constata o que dicen, que os orzamentos que presentan non son reais, aprobáronse hai dous meses e xa está a primeira modificación extraordinaria. Isto non é un imprevisto, xa se sabía que había que pagalo e non entenden porque non podía xa ir nos orzamentos. Sinala que van votar a favor por tres razóns: Hai que pagar a todas os provedores que sirven non como facían outros, hai que cumprir as sentencias e aquí marca o camiño e porque menos mal que non fan como facían habitualmente que se dilapidaba diñeiro en intereses e custos por pleitos que se perdían e as veces nin se ía ó xulgado., e se ameazou con denunciar a algún compañeiro pero como había que poñer pasta do peto non se fixo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Manuel Galdo Dopico para dicir que non dixo pagar por pagar pero é curioso que se renovou ata 2033 no momento que lle reclamaba ó concello o dobre do que agora lle corresponde, casualmente ó mesmo tempo, é sintomático de con quen se anda.

Intervén o Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que o Sr. Bouza di que se facían as cousas dunha maneira, e pretenden facelas doutra maneira. Esta modificación vai con cargo ó RLT do 2014. As sentenzas hai que pagalas pero se daquela se paga o que reclamaban perdíanse cartos. Hai que esgotar todas as vías posibles tendo unha base. O mellor hai que avaliar o funcionamento da empresa, eso enténdeno todos e xa se ten falado.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se volve ó de sempre, e ten que remitirse atrás. O PP non pode dar exemplo. O goberno do PSOE, pagou casi dous millóns de euros de obras sen contrato que



o PP non recoñeceu e logo íase ó xuízo decidir que se fixeran. Di que leccións ningunha e o PP menos.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose con 13 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E. e P.P., 1 voto en contra correspondente concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto e 2 abstencións correspondentes ó grupo do B.N.G., aprobar a proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente orzamento 2015, vía crédito extraordinario, co seguinte detalle:

Crédito extraordinario:

1600.479	Sumidoiros, outras subvencións a entidades privadas	287.540,08 €
----------	---	--------------

Financiamento:

Concepto	Denominación	Importe
870.00	Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais	287.540,08 €

Segundo.- Disponer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Intervención Municipal por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ó público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

4.- PROPOSTA DE CONVENIO COA EMPRESA VIAQUA PARA RESOLUCIÓN DA RECLAMACIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA POLA XESTIÓN DE EDAR NO ANO 2013.

Vista a proposta da Alcaldía de convenio entre a empresa VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA SAU, e o Concello de Viveiro para a resolución de reclamación en vía administrativa da pola xestión da Edar no ano 2013.

Visto o modelo de convenio, que a continuación se sinala:

“CONVENIO ENTRE LA EMPRESA VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA Y EL EXCELENTISIMO AYUNTAMIENTO DE VIVEIRO PARA RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA DE LA SUMA DE 172.679,94 EUROS, POR LA GESTIÓN DE LA EDAR EN EL AÑO 2013.

En Viveiro



REUNIDOS

Dña. María Loureiro García, en su calidad de alcaldesa del Excmo. Ayuntamiento de Viveiro, en la representación que ostenta en virtud del artículo 21.1 B) de la Ley 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.

Don/doña, en nombre y representación de Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAUK en su calidad de

Actúa como Secretaria Doña....., Secretaria del Excmo. Ayuntamiento de Viveiro, en su calidad de fedatario público, que da fe del acto.

Las partes reconocen capacidad legal suficiente para otorgar el presente convenio y,

MANIFIESTAN

PRIMERO.- Que la empresa Viaqua resulta ser la concesionaria de la gestión de la EDAR D de Viveiro.

SEGUNDO.- Que la entidad Viaqua formuló en fecha 31 de marzo de 2014 la reclamación en vía administrativa de la suma de 172.679,94 euros IVA excluido, por los servicios realizados por la gestión de la Edar durante el año 2013.

TERCERO.- Teniendo en cuenta que transcurrido el plazo para la resolución de la anterior reclamación, y que por lo tanto según lo establecido en la LRJPAC los efectos del silencio serían negativos, por lo que se puede entender desestimada la reclamación referida, quedando expedida la vía jurisdiccional, por la entidad Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia se interpuso el recurso contencioso/administrativo que dio lugar al Procedimiento Ordinario con número 272/2014 B, que se encuentra en trámite en el juzgado contencioso/administrativo nº1 de Lugo.

CUARTO.- Teniendo en cuenta que en el apartado 1 del artículo 42 de la Ley 30/92, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (LRJPAC) que establece la obligación que tiene la administración de resolver expresamente, y que esta resolución se adoptará por la administración sin vinculación alguna al sentido del silencio, cuando este fuera negativo.

QUINTO.- Teniendo en cuenta que de conformidad con lo establecido en los artículos 87 de la LRJPAC que regula la terminación de los procedimientos en relación con el art. 88 de la referida norma que regula la posibilidad de financiar los procedimientos a través de convenio entre las partes.

SEXTO.- Teniendo en cuenta que para el reconocimiento de la deuda es necesaria la existencia de consignación presupuestaria, la eficacia del presente convenio debe estar supeditada a la existencia de dicha consignación no adquiriendo validez en tanto la misma no exista.

SÉPTIMO.- De acuerdo con lo anterior, el ayuntamiento de Viveiro reconoce la deuda reclamada por importe de 172.679,94 euros (IVA 10% excluido), siendo este reconocimiento eficaz en el momento de la aprobación definitiva de la Modificación Presupuestaria número 020/2015.



OCTAVO.- La entidad Viaqua Gestión de Aguas Integrales de Galicia SAU, se compromete con la formalización del presente convenio a desistir en el procedimiento ordinario 272/2014 B, que se sigue en el Juzgado Contencioso/Administrativo nº1 de Lugo, renunciando a los intereses que pudiesen corresponderles y a las costas procesales que pudiesen derivarse del procedimiento judicial referido.

Al presente convenio se acompañan los informes de la Interventora y Secretaria antes citados.

Y para que así conste, ambas partes firman el presente convenio, que pone fin a la reclamación administrativa interpuesta por la entidad Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, en relación a la gestión de la EDAR de Viveiro en el año 2013, comprometiéndose ambas partes a dar traslado al juzgado Contencioso/Administrativo nº1 a los efectos de poner fin al procedimiento judicial número 272/2014 B, que se encuentra en trámite.”

Visto o informe de Secretaría e Intervención.

Resultando que esta proposta foi dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Intervén o Concelleiro de Facenda para dicir que se trata de plasmar nun documento a modificación aprobada. Viaqua esta de acordo e hai que traelo a pleno. Hai informe de intervención sobre a presentación de factura. Engade que os puntos 4 e 5 son iguais.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que o seu grupo está de acordo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Manuel Galdo Dopico para dicir que manteñen a abastención do punto anterior da orde do día.

Intervén D. Víctor Marcial Miranda Gómez, como Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que vai votar en contra.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose con 13 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E. e P.P., 1 voto en contra correspondente concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto e 2 abstencións correspondentes ó grupo do B.N.G., aprobar a proposta de convenio da Alcaldía, do seguinte xeito:

Primeiro.- Aprobar a proposta de convenio entre o Concello e a entidade Viaqua Gestión Integral de Galicia SAU para poñer fin á reclamación administrativa presentada pola referida empresa en relación á xestión da EDAR no ano 2013.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura do convenio sinalado, así como para realizar todos os trámites recollidos no mesmo.



5.- PROPOSTA DE CONVENIO COA EMPRESA VIAQUA PARA RESOLUCIÓN DA RECLAMACIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA POLA XESTIÓN DA EDAR NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2014.

Vista a proposta da Alcaldía de convenio entre a empresa VIAQUA GESTIÓN INTEGRANÑ DE AGUAS DE GALICIA SAU, e o Concello de Viveiro para a resolución de reclamación en vía administrativa da pola xestión da Edar no primeiro semestre do ano 2014.

Visto o modelo de convenio, que a continuación se sinala:

“CONVENIO ENTRE LA EMPRESA VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA Y EL EXCELENTISIMO AYUNTAMIENTO DE VIVEIRO PARA RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA DE LA SUMA DE 172.679,94 EUROS, POR LA GESTIÓN DE LA EDAR EN EL AÑO 2013.

En Viveiro

REUNIDOS

Dña. María Loureiro García, en su calidad de alcaldesa del Excmo. Ayuntamiento de Viveiro, en la representación que ostenta en virtud del artículo 21.1 B) de la Ley 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.

Don/doña, en nombre y representación de Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAUK en su calidad de

Actúa como Secretaria Doña....., Secretaria del Excmo. Ayuntamiento de Viveiro, en su calidad de fedatario público, que da fe del acto.

Las partes reconocen capacidad legal suficiente para otorgar el presente convenio y,

MANIFIESTAN

PRIMERO.- Que la empresa Viaqua resulta ser la concesionaria de la gestión de la EDAR D de Viveiro.

SEGUNDO.- Que la entidad Viaqua formuló en fecha 31 de marzo de 2014 la reclamación en vía administrativa de la suma de 88.720,14 euros IVA excluido, por los servicios realizados por la gestión de la Edar en el primer semestre del año 2014.

TERCERO.- Teniendo en cuenta que transcurrido el plazo para la resolución de la anterior reclamación, y que por lo tanto según lo establecido en la LRJPAC los efectos del silencio serían negativos, por lo que se puede entender desestimada la reclamación referida, quedando expedida la vía jurisdiccional, por la entidad Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU se interpuso el recurso contencioso/administrativo que dio lugar al Procedimiento Ordinario con número 30/2015, que se encuentra en trámite en el juzgado Contencioso/Administrativo nº1 de Lugo.

CUARTO.- Teniendo en cuenta que en el apartado 1 del artículo 42 de la Ley 30/92, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento



Administrativo Común (LRJPAC) que establece la obligación que tiene la administración de resolver expresamente, y que esta resolución se adoptará por la administración sin vinculación alguna al sentido del silencio, cuando este fuera negativo.

QUINTO.- Teniendo en cuenta que de conformidad con lo establecido en los artículos 87 de la LRJPAC que regula la terminación de los procedimientos en relación con el art. 88 de la referida norma que regula la posibilidad de financiar los procedimientos a través de convenio entre las partes.

SEXTO.- Teniendo en cuenta que para el reconocimiento de la deuda es necesaria la existencia de consignación presupuestaria, la eficacia del presente convenio debe estar supeditada a la existencia de dicha consignación no adquiriendo validez en tanto la misma no exista.

SÉPTIMO.- De acuerdo con lo anterior, el ayuntamiento de Viveiro reconoce la deuda reclamada por importe de 88.720,14 euros (IVA 10% excluido), siendo este reconocimiento eficaz en el momento de la aprobación definitiva de la Modificación Presupuestaria número 020/2015.

OCTAVO.- La entidad Viaqua Gestión de Aguas Integrales de Galicia SAU, se compromete con la formalización del presente convenio a desistir en el procedimiento ordinario 30/2015 B, que se sigue en el Juzgado Contencioso/Administrativo nº1 de Lugo, renunciando a los intereses que pudiesen corresponderles y a las costas procesales que pudiesen derivarse del procedimiento judicial referido.

Al presente convenio se acompañan los informes de la Interventora y Secretaria antes citados.

Y para que así conste, ambas partes firman el presente convenio, que pone fin a la reclamación administrativa interpuesta por la entidad Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, en relación a la gestión de la EDAR de Viveiro en el primer semestre del año 2014, comprometiéndose ambas partes a dar traslado al juzgado Contencioso/Administrativo nº1 a los efectos de poner fin al procedimiento judicial número 30/2015 B, que se encuentra en trámite.”

Visto o informe de Secretaría e Intervención.

Resultando que esta proposta foi dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Non existindo debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose con 13 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E. e P.P., 1 voto en contra correspondente concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto e 2 abstencións correspondentes ó grupo do B.N.G., aprobar a proposta de convenio da Alcaldía, do seguinte xeito:

Primeiro.- Aprobar a proposta de convenio entre o Concello e a entidade Viaqua Gestión Integral de Galicia SAU para poñer fin á reclamación administrativa presentada pola referida empresa en relación á xestión da EDAR no primeiro semestre do ano 2014.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura do convenio sinalado, así como para realizar todos os trámites recollidos no mesmo.



6.- DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO Ó ARTIGO 218 DO TRLHL.

Por parte da Intervención Municipal dase conta do informe referente ó artigo 218 do TRLRHL.

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE O SANEAMENTO DE PONTIGO, HERMOSENDE E PARRAGUESA EN GALDO E NOUTRAS PARROQUIAS DO CONCELLO.

Intervén o Concelleiro do Partido Popular de Viveiro, D.Celestino García Paz , que procede á lectura da moción, con número de rexistro 7105, que literalmente di

“O concelleiro do Partido de Viveiro, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ó Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN SOBRE O SANEAMENTO DE PONTIGO, HERMOSENDE E PARRAGUESA EN GALDO E NOUTRAS PARROQUIAS DO CONCELLO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos barrios do Pontigo, Hermosende e Parraguesa da parroquia de Galdo levan catro anos cunha obra de saneamento rematada, á que so lle faltaría dotar de enerxía eléctrica á estación de bombeo para que puidese funcionar, sendo dita obra competencia do goberno local.

Son moitos os veciños destes barrios que reclaman a posta en servizo deste saneamento, así como o interese que sempre mostrou o grupo municipal do Partido Popular en distintos plenos e a través de preguntas dirixidas á Alcaldía, para recoñecer as causas polas que non se dotaba e servizo eléctrico a dita estación de bombeo.

Estamos ante unha situación que non só favorecía a estes veciños, senón que nun futuro se podería ampliar o servizo a outros barrios próximos desta parroquia, como podería ser A Feira, que na actualidade se atopa sin alcantarillado.

Todo isto ven a demostrar unha vez máis, a inoperancia, a pasividade ou simplemente o capricho do goberno local para non acometer esta obra, que cun presuposto de 6.000 euros (según consta en acta) non parece unha cantidade excesiva para que non se faiga dunha vez por todas, máxime cando dita obra leva rematada, como xa dixemos, catro anos.

Non son pois capaces de dotar de enerxía eléctrica á estación de bombeo do Pontigo, unhas instalacións que como todas as obras públicas costan diñeiro ó contribuinte e que deste xeito non da beneficio ós veciños, que debe de ser o obxectivo fundamental que persiga calquera obra que se financie con fondos públicos.

Nun podemos olvidarnos de mencionar outras parroquias que están sin saneamento como San Andres de Boimente, Valcarria e San Pedro cunha estación de bombeo cerca de estas dúas últimas casi sin servizo, así como algúns barrios das parroquias de Covas, Chavín, Landrove, Galdo....



Por este motivo propoñemos á Corporación a aprobación dos seguintes ACORDOS:

1º Instar á Sra. Alcaldesa para que de maneira urxente, se dote de enerxía eléctrica ó saneamiento dos barrios de Pontigo, Parraguesa e Hermosende na parroquia de Galdo.

2º Que se faigan as xestións necesarias coas administracións Provincial, Autonómica e Estatal para dotar e complementar o saneamento daquelas parroquias deste Concello que a día de hoxe carecen deste servizo fundamental.”

A continuación, o Concelleiro do Partido Popular de Viveiro, D.Celestino García Paz, expón que no pleno do 20 de xuño de 2013 se abordou este tema obtendo por resposta do Sr Alcalde que Barras Eléctricas contestou ó boletín presentado que non hai potencia suficiente, querendo que sexa o Concello o que leve o reforzo. Tamén no pleno do 6 de marzo de 2014 se preguntou por esta cuestión obtendo por resposta que Begasa esixía un reforzo da liña e que se estaba negociando coa empresa subministradora o enganche eléctrico. No pleno do 6 de novembro de 2014, ante a mesma pregunta a Sra. Alcaldesa dixo que o custo que había que aboar primeiro era excesivo e un técnico municipal chegou á conclusión de que non era precisa tanta potencia, polo que se pediu un orzamento para esa potencia, que se presentou por uns 6.000 euros, polo que falta que a Interventora faga RC e permita o pago.

Continua a súa intervención dicindo que ante estas respostas que se deron creouse unha situación que favorece a estes veciños e nun futuro a outros. Demostra unha ignorancia, pasividade ou capricho que cun orzamento de 6.000€ lles parece excesivo.

Conclue a súa intervención o Concelleiro do Partido Popular coa lectura literal da seguinte parte da moción, “Non son pois capaces de dotar de enerxía eléctrica á estación de bombeo do Pontigo, unhas instalacións que como todas as obras públicas costan diñeiro ó contribuinte e que deste xeito non da beneficio ós veciños, que debe de ser o obxectivo fundamental que persiga calquera obra que se financie con fondos públicos.”

Intervén en representación do grupo Municipal do PSOE, D. Jesús Fernández Cal, para dicir que non é novo que o PP aproveite mocións para increpar ó goberno sobre pasividade. Con acusacións de non executar por capricho e obra necesaria. Sinala que para o seu grupo ás canalizacións de saneamento e agua son prioritarias. Medran pouco porque non se ven (herencia do PP). Continua afirmando que no Casco Histórico estaban lamentables con inundacións en Pastor Díaz, Suasbarras, Covas, Escourido e (ningún quedababa sen agua). Dende que en 2003 chegou Melchor realizou inversións de millóns de euros nestas canalizacións. Manifesta que leccións sobre isto ningunha e continua expoñendo que cando foron conscientes por unha parte do seu grupo a alcaldesa delegou nel para seguir a cuestión, preguntando a principios de 2014 a técnicos non tendo ninguén claro porque non funciona, o boletín non aparece. Solicitou a Begasa pliego de condicións técnicas para poñelo en funcionamento e en agosto Begasa enviou os orzamentos.

Continua a súa intervención expoñendo que o 1 de xaneiro de 2015 realizou outra proposta de gasto a Intervención para o pozo de bombeo en Pontigo – Galdo. Proposta denegada pola Intervención por entender que era unha partida de inversión. Poucos días despois de aprobarse o orzamento volveuse a facer dicindo a Intervención que Viaqua é a que tería que pagar os recibos e non dar o alta o Concello. Remata dicindo que está a expensas de falar coa Intervención para acelerar, e que dos 24 pozos Viaqua só paga hoxe a enerxía de 5 deles. Polo que carece de fundamento a pasividade.



Manifesta que sobra a primeira proposta da moción porque leva facendo xestións todo este tempo e que respecto á segunda están dispostos a votar a favor se as dúas van por separado, senón abstención.

Intervén en representación do grupo Municipal do B.N.G., Manuel Galdo Dopico que expón que entenden que o tempo transcurrido e 6.000€ non pode xustificar que os veciños sigan sen saneamento. Son os perxudicados os veciños. Afirma que 6.000€ nun orzamento anual de 12 millóns non é de recibo que pase ano tras ano sen facerse. O segundo punto para mellorar outros temas é unhas das obrigas do goberno. Entendendo que o tempo está sobrepasado con creces.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, que manifesta que está a favor e esperan que se poña a funcionar a instalación e se dea servizo ós veciños.

Intervén o Concelleiro do Partido Popular de Viveiro, D.Celestino García Paz que manifesta que a exposición de Cal foi impecable, pero se quedaría coa de Manolo porque hai dúas facetas que Cal non comentou porque falamos de catro anos remitida a obra e considerase un profesional que sabe o que é un boletín e dende que se foi un proxecto ten que ir a potencia e con iso Begasa mira se hai potencia na liña para ese servizo dan orzamentos e nada máis. Continua a súa exposición argumentando que traballou dez anos para Begasa e sabe o que é, neste senso manifesta que non di que o exposto por Cal sexa mentira pero en catro anos é imposible convencer de porque se tardou tanto.

Remata dicindo que fai menos dun ano colaborou cun paisano de Landrove para facer unha liña e non houbo problema. Manifesta que non farán cambios e que votarán polas dúas xuntas.

Intervén en representación do grupo Municipal do PSOE, D. Jesús Fernández Cal, para dicir que ao mellor se explicou mal e que non pode negar unha realidade que se montou un pozo de bombeo pagado pola Deputación. Contratouse unha empresa e non quere entrar en que pasou naquel momento. Afirma que Viaqua en ningún momento dixo que estaba sen funcionar, nin ese nin outros. Manifesta que hai un concelleiro de obras, un técnico que ten que recepcionala.

Continua a súa intervención manifestando que a raíz de preguntas do P.P. varias veces, neses momentos María pideulle que se puxera con ese tema, procedendo a mirar como se recibiu a obra. E atopándose con que ninguén sabía nada e había xente que tiña que sabelo.

Continua a súa intervención dicindo que fixo o que di o punto primeiro e que o día 1 de febreiro de 2015 (asumindo que tiña que estar funcionando) a intervención denegou os 6.000€ porque era inversión e non se aprobaran aínda os orzamentos. Cando se aprobaron volveu a facer a proposta sendo denegada porque tiña que ter sido dado de alta en Viaqua. Reitera que non entende como estamos pagando 24 pozos se os que ten que pagar Viaqua e que hai algo de confusión. Manifesta que el só dixo que está totalmente dacordo en facer as xestións para que haxa máis abastecementos pero que para pedir isto primeiro ten que haber vontade e automaticamente aprobada a conta do ano anterior. Continua afirmando que, a veces, hai grupos que non están pola labor e logo piden que se den cartos. Manifesta que asumen o que lles corresponde e que fixo o estado de todos os pozos, detectando máis sen funcionar e que Viaqua deixou que colapsara porque non entraba o camiión.

Conclue que están esperando para que o xefe de zona veña a falar sobre varias temas importantes para o Concello e que teñen que ver coa xestión de Viaqua últimamente. Manifesta que o primeiro punto xa se está facendo e sobra e añade que a veces escoita cousas, por exemplo o seu xefe, ou compañeiro do PP antes das eleccións dixera na prensa de instalar unha nova EDAR, se gobernaban. Remata dicindo que levan seis anos esperando que Feijoo faga a segunda fase que



estaba prevista e é urxentísima para Viveiro para evitar o que se está tirando ó mar e que por cartas non é.

Intervén en representación do grupo Municipal do B.N.G., Manuel Galdo Dopico para dicir que agradece que o volva a ler Cal e que falou de máis inconvintes para isto; orzamentos e conta. Continua dicindo que non falen lles falen dos orzamentos a eles, (que os piden seguido), e que é unha das causas de intervención. Manifesta que se o orzamento e a conta veñen a tempo solen aprobarse asimesmo di que é obriga do concelleiro de obras coñecer a realidade, e da xente que traballa no Concello. Conclue que os que teñen a fortuna de vivir no Casco teñen todos os servizos e o resto non, non acepta a desculpa e remata dicindo que denota déficit de xestión eternizarse no tempo.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto que manifesta que se hai constancia de que Viaqua non cumpre, igual que eles demandan, deberíanse facer o memso e sería deixadez non facelo.

Intervén o Concelleiro do Partido Popular de Viveiro, D.Celestino García Paz para dicir que lle alegra que o tema do saneamento e sobre todo nese barrio provoque este debate. Non discute que Cal(Concelleiro de Obras) tivo interés, considera que se desvive polo pobo e é honesto... Pero insiste que durante estes catros anos houbo deixadez. Continua argumentando que dende o 31 de outubro 2012 ó 6 de novembro de 2014 eles fixeron pautas, faltaban os puntos, boletín, potencia... Manifesta que se ve unha tomadura de pelo nun saneamento finalizado e que foi deixadez, de quen fose. Pide que de forma urxente se faga este reforzo de línea e se poña a funcionar, ofrecendo a súa colaboración no que poda facer el.

Intervén en representación do grupo Municipal do PSOE, D. Jesús Fernández Cal, para agradecer o seu esforzo e afecto, afirmando que xa se sabe cal é a potencia necesaria e que falta que a intervención diga que se podan utilizar. Está esperando a falar con ela para que explique se o ten que facer Viaqua, porque hai 24 pozos que paga o Concello. Manifesta que con Viaqua ten bastantes historias diariamente e que antes de ir ó xulgado hai que dialogar, primeiro co de aquí, logo co de zona e se non cumpre optárase por demandalos ou rematar co contrato. Continua a súa intervención dicindo que a referencia aos orzamentos era en xeral e que a veces se fala de pistas de atletismo dun millón de euros que me sonan a cousas fora da realidade. Remata a súa intervención afirmando que para chegar a ela hai que mollarse moitas veces e que houbo unha deixadez, pero que non se pode pedir inversións cando dende a Xunta se nega todo. Continua dicindo que se de saída non se ten aprobada a Conta Xeral xa non se pode pedir. Asume que tiña que estar funcionando e que dende fai un ano xa se está traballando nelo.

Non existindo máis debate procedese á votación, acordándose a aprobación da moción con 8 votos a favor correspondentes ós grupos do P.P., BNG, e ó concelleiro de Son Viveiro integrante do Grupo Mixto, e a abstención dos 8 concelleiros correspondentes ó grupo do PSOE., do seguinte xeito:

1º) Instar á Sra. Alcaldesa para que de maneira urxente, se dote de enerxía eléctrica ó saneamiento dos barrios de Pontigo, Parraguesa e Hermosende na parroquia de Galdo.

2º) Que se faigan as xestións necesarias coas administracións Provincial, Autonómica e Estatal para dotar e complementar o saneamento daquelas parroquias deste Concello que a día de hoxe carecen deste servizo fundamental.”



8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. PARA O REMATE DAS PISTAS DE ATLETISMO EN LAVANDEIRAS – CELEIRO.

Intervén o Voceiro do Partido Popular de Viveiro, D. Antonio J. Bouza Rodil, que procede á lectura da moción con número de rexistro 7104, que literalmente di

” O voceiro do Partido Popular de Viveiro, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ó Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN PARA O REMATE DAS PISTAS DE ATLETISMO EN LAVANDEIRAS – CELEIRO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2004 o goberno bipartito PSOE – BNG presidido por Melchor Roel, anunciaba en diversos medios de comunicación – tal e como se pode comprobar por exemplo en A Mariña de a Voz de Galicia o 25 de abril de 2004 – a realización dunhas instalacións deportivas na explanada de Lavandeiras, que transformarían a entrada de Celeiro.

Falábase de facer un campo de fútbol, unha pista de aerodelismo, dúas pistas de tenis, unha pista polideportiva e unha pista de atletismo de 100 m. de aglomerado asfáltico. Falábase dunha inversión global que superaría os 440.000 euros con cargo a distintas administracións – Ministerio de Administracións Públicas, Diputación e Concello-. Sinalábase así mesmo que todas estas se executarían nese ano 2004.

O certo é que 11 anos despois, daquel macroproxecto so se fixo o campo de fútbol de Lavandeiras, campo que na actualidade só serve para a celebración do Resurrection Fest, o cal está moi ben, pero non se utiliza para o fin que foi creado que non é outro que a práctica do fútbol. Deste xeito o recién creado equipo de fútbol de Celeiro Club del Mar- esta será a súa segunda temporada- non pode xogar os seus partidos neste campo por non estar habilitado a distos efectos, tendo que facelo lonxe de Celeiro.

No pasado pleno ordinario do dous de setembro, e ante unha moción presentada por outro grupo relativa a necesidade dunha instalación deportiva céntrica, o grupo do Partido Popular sinalabamos a necesidade de rematar as mencionadas instalacións de Lavandeiras, centrando a nosa petición no remate das pistas de atletismo.

Non hai moito tempo, concretamente o 24 de xullo deste ano, e neste mesmo salón de Plenos se lle rendía unha merecida homenaxe o noso atleta Adrián Ben, que viña de colleitar un gran éxito nos mundiais xuvenís de Colombia como colofón aunha traxectoria que empeza a ser moi destacada. Nese mesmo acto a Sra. Alcaldesa se comprometía a facer todo o posible para que Adrián dispuxese dunhas instalacións adecuadas para adestrar en condicións.

Por todo o comentado con anterioridade, dende o grupo do Partido Popular oensamos que é o momento de rematar as mencionadas pistas de atletismo, posto que non so temos un gran atleta que precisa dispor dunhas instalacións en condicións para seguir progresando, senón que seguro que hai moitas persoas, que queren practicar o atletismo nunhas boas condicións de saúde e



seguridade, dispoñendo dunhas instalacións adaptadas para a práctica desta modalidade deportiva.

Por este motivo propoño ó pleno da Corporación a aprobación dos seguintes ACORDOS:

ACORDOS

1.- Instar á Sra. Alcaldesa para que busque a financiación axeitada, en colaboración con outras administracións, para o remate das mencionadas pistas de atletismo en Lavandeiras, de xeito que sexen unha realidade o máis pronto posible.

2.- Informar ó Pleno das actuacións levadas a cabo, a medida que se vaian producindo.”

Interven a Sra. Alcaldesa que manifesta que para pedir subvencións hai que ter as contas xerais aprobadas. No pleno pasado o P.P. votou en contra e se fora polo Partido Popular non se aprobarían e non se poderían pedir subvencións, e se se fai non é grazas ó PP.

Continua a súa intervención dicindo que había unha próxima. Resalta a transformación de Celeiro por Melchor, máis de un cuarto de millón de euros en Lavandeiras, e o parque de bombeiros que non precisa aportar nada, que era todo un vertedoiro. Continua dicindo que antes do 2003 había dous campos de fútbol Cantarrana e Cemedo (cedidos ó Futbol Club Viveiro), que se liberou ese campo co bipartito e que no inverno e grazas á Deputación de Lugo púxose céspede artificial, o que posibilita entrenar calquer día do ano. Manifesta que é o segundo concello da provincia que máis aporta ó deporte despois de Lugo.

Conclue a súa intervención dicindo que a moción é innecesaria e que xa se debatiu, que se comprometeu a conseguir instalacións de atletismo e está o concelleiro de deportes baraxando isto.

Respecto ao o Clube de Celeiro que se aludía (entrenan en Cemedo) di que se está a traballar en que podan entrenar en Celeiro e que iso tamén leva gastos: alumeado, cerrar, abrir... polo que se está traballando, e acusa ao do P.P. de demagogia e de colgarse medallas, xa que as contas xerais hai que aprobalas para subvencións.

Intervén en representación do grupo Municipal do B.N.G., Manuel Galdo Dopico para dicir que vota a favor, e que xa o levaban no programa electoral. Afirmar que é necesario rematar as obras e o proxecto iniciado en Celeiro xa que se fixo unha importante inversión e non se está aproveitando, jsó para o Resurrection Fest, que ten importancia pero hai que darlle outra utilidade (deportiva). Destaca que hai dificultades para os equipos (entrenar, xogar...) e que hai que compatibilizar as dúas cousas. Remata dicindo que Adrián Ben veu a descubrir que nun concello que debe ser referencia na Mariña debe darse saída e ter unhas pistas de atletismo.

Valorando aínda se debía ser unha moción.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto que se manifesta a favor xa que optan polo deporte de base e afeccionado e debe haber instalación dignas.

Interven a Sra. Alcaldesa que di que Hai “” que pode pedirse pero non se pode facer todo á vez e que todo o mundo terá unhas pistas, que se están coas xestións, pero todo ó seu debido tempo. Remata dicindo que a única que deu algo foi a Deputación.

Intervén o Voceiro do Partido Popular de Viveiro, D. Antonio J. Bouza Rodil, para dicir que non vai entrar no seu xogo e que ata onde sabe as contas están aprobadas e que en Lavandeiras hai un



parque infantil é certo, e xa preguntou se Adrián vai entrenar nel. Manifesta que o campo de fútbol non se usaba para iso e que parece que aterrizan e non é certo que non había nada feito posto que xa estaban as instalacións, puxeran césped artificial.

Continua dicindo que son innecesarias outras mocións que se traen nas que non poden facer nada, só para a foto e que moitas cousas noutros concellos xurden por figuras importantes. Remata a súa intervención dicindo que o outro día anunciaba que o teatro tiña calefacción e luz tras 12 anos e que esa Xunta tan mala que os maltrata, non deben ver a inversión que facían a Viveiro, a que non os recibiu nunca polo Plan Xeral e Conservatorio... e que aquí fáltaselle permanentemente ó respecto a Feijoo. Conclue dicindo que siguen coa moción e que aquí están para apoiar.

Intervén a Sra. Alcaldesa que di que os que se teñen que fiar da súa xestión sos os veciños, así o fixeron e por iso está aquí e que os están recibindo, manifesta que para o o Plan Xeral tamén os recibiran (despois de dous anos) e que iso está mal. Di que non se pode comparar coa Deputación nin por asomo, xa que a Xunta ten máis orzamentos e foi a Deputación a que en proporción deu máis.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose a aprobación da moción con 8 votos a favor correspondentes ós grupos do P.P., BNG, e ó concelleiro de Son Viveiro integrante do Grupo Mixto, e a abstención dos 8 concelleiros correspondentes ó grupo do PSOE., do seguinte xeito:

1.- Instar á Sra. Alcaldesa para que busque a financiación axeitada, en colaboración con outras administracións, para o remate das mencionadas pistas de atletismo en Lavandeiras, de xeito que sexen unha realidade o máis pronto posible.

2.- Informar ó Pleno das actuacións levadas a cabo, a medida que se vaian producindo.

9.- MOCIÓN DE SON VIVEIRO RELATIVA Á DECLARACIÓN DESTE CONCELLO COMO CONTRARIO Á APLICACIÓN DO TRATADO TRASATLÁNTICO DE COMERCIO E INVERSIÓNS.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto D. Víctor Miranda Gómez, que ven a formular para a súa aprobación a seguinte MOCIÓN, con número de rexistro 6624 relativa á declaración deste concello como contrario á aplicación do Tratado Transatlántico de Comercio e Inversións (coñecido habitualmente polo seu acrónimo en inglés, “TTIP”), que di o seguinte:

“ *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

A Unión Europea e os Estados Unidos negocian desde xuño de 2013 un tratado de libre comercio e inversións, o TTIP. Anteriormente, a Unión Europea finalizou as negociacións con Canadá doutro tratado, o Acordo Integral de Economía e Comercio (CETA), que está á espera da súa ratificación por parte do Parlamento Europeo. AS negociacións actuais do TTIP caracterízanse pola súa absoluta falta de transparencia, qe se reflicten na súa nula presenza como noticia nos grandes medios de comunicación.

O obxectivo destes tratados é establecer un gran mercado transatlántico de máis de oitocentos millóns de persoas que consagrará o dominio das grandes corporacións transnacionais europeas e norteamericanas en detrimento das cidadás e dos cidadáns de ambas as partes do



océano. Se ben os seis defensores argumentan que son positivos para reactivar a economía, a realidade é que estes tratados pretenden conseguir maior competitividade exterior a costa de rebaixar ou eliminar as regulacións laborais, sociais, económicas, sanitarias, educativas, culturais e ambientais, xa duramente atacadas polas sucesivas reformas habidas no noso Estado.

Foron as multinacionais da industria automobilística, química, farmacéutica e agroalimentaria, enerxéticas, bancos, fondos de inversións, etc., a ambos os lados do Atlántico as que máis presionaron para impulsar etas negociacións (o 90% das negociacións déronse con lobbys destas).

Dado que os aranceis entre a Unión Europea e os Estados Unidos son xa moi baixos, o tratado centrarase na eliminación de leis, co fin de reducir custos para as multinacionais, as chamadas “barreiras non convencionais”. Así, este tratado pode desembocar na supresión de regulacións sociais, laborais, ambientais ou de seguridade alimentaria e sanitaria, supoñendo tamén unha merma nas liberdades dixitais. Para iso, xerarase o “Consello de Cooperación Reguladora”, onde se sentarán profesionais designados polas multinacionais e que marcarán as futuras normativas a crear polos estados.

Un dos capítulos máis polémicos é o da protección das inversións, pola cal calquera inversor/ora privado/a internacional pode desafiar, ante tribunais comerciais (puco transparentes e pouco democráticos) calquera lexislación (ambiental, laboral ou social) que interfira nos seus beneficios; por exemplo, unha regulación sanitaria para prohibir o uso de substancias tóxicas pode ser obxecto de demanda.

Queremos denunciar, á vez e ante as posibles consecuencias que máis abaixo se enumeran, a opacidade e o nulo debate co que se están levando a cabo etas negociacións. Non hai debate porque este tratado se está negociando na sombra, sen ter en conta aos gobernos estatais nin á cidadanía. Tras varias roldas de negociacións, a transparencia e a comunicación coa sociedade civil foron unlas. Os propios eurodiputados viron limitado o seu acceso aos documentos derivados das negociacións, feito que contou coa denuncia da propia Defensora do Pobo europea. En setembro de 2014, a comisión Europea prohibiu unha Iniciativa Lexislativa Popular que invitaba a rexeitar as negociacións.

Fronte á comunicación fluída e constante coas grandes multinacionais, toda comunicación coa sociedade civil por parte da Comisión Europea limitouse a obviar as críticas e repetir, sen diálogo algún, as supostas bondades do TTIP.

As consecuencias das posibles ratificacións destes dous tratados, e o do Acordo en Comercios de Servizos (TISA), en fase de negociación entre algúns países da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico afectarían a amplos sectores da poboación a ambos os lados do Atlántico, posibilitando políticas que ameazarían:

- os dereitos laborais, como a liberdade sindical ou a negociación colectiva;*
- a supervivencia de servizos públicos como a sanidade, a educación ou pensións;*
- a xestión dos residuos, transporte ou saneamento e distribución de augas que serían privatizados;*



- a seguridade alimentaria, ao permitir os transxénicos na agricultura, o gando vacún hormonado e o porcino e o aviar clonados;
- os recursos naturais, potenciado o fracking e importando produtos altamente contaminantes como as areas bituminosas;
- a biodiversidade, ao apostar pola agroindustria, que implica perdas de variedades locais e razas autóctonas e a paulatina desaparición das paisaxes rurais;
- o principio de precaución sobre o uso de substancias químicas, ao deixar de controlar a súa seguridade antes da obtención do permiso comercial;
- a privacidade persoal, ao permitir un maior acceso e control sobre datos privados por parte de empresas provedoras da internet e outras grandes corporacións sectoriais;
- o acceso aos produtos farmacéuticos, ao reforzar as patentes fronte aos xenéricos;
- a posibilidade de mecanismos de control bancario que eviten novas crises especulativas.

Para conseguilo, estes tratados contemplan a implatación de dous mecanismos antidemocráticos que aseguren o que os negociadores chaman a “harmonización normativa”, que non é máis que unha regulación á baixa da lexislación vixente. Por un lado, o Consello de Cooperación Reguladora, unha especie de goberno das transnacionais que ditaminará o que se pode ou non se pode legislar en asuntos que afecten aos seus intereses e, por outro, o mecanismo de Arbitraje de Diferenza Estado- Inversor (ISDS) de resolución de conflitos ente empresas e estados, que garanta as inversións – e as súas previsións futuras de beneficios- de calquera empresa ante potenciais políticas proteccionistas ou de control lexislativo, conflitos que haberían de resolver tribunais privados de arbitraje fóra de todo control democrático. En definitiva, estes tratados, baixo o disfrage da mellora da economía e do emprego, ademias de apuntar a mellorar a conta de resultados das grandes empresas, permitirán a paulatina e perversa apropiación do poder políticp e xudicial por parte do poder económico das grandes corporacións transnacionais.

Por todo iso propoñemos a seguinte MOCIÓN:

1. Declarar a Viveiro como municipio oposto ao TTIP, defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social, o medio ambiente e a saúde.
2. Solicitar ao Parlamento español e aos eurodiputados electos a seu rexeitamento á aprobación do TTIP.
3. Solicitar do Ministerio de Economía a suspensión das negociacións do TTIP.”

Interven a Sra.Alcaldesa para dicir que están a favor do libre comercio internacional., pero cre que non é o momento oportuno porque non se tratou aínda no ámbito internacional. Manifesta que hai aspectos do tratado nos que non está a favor e que optarán pola abstención.

Intervén o Concelleiro do Partido Popular de Viveiro, D.Jaime Eduardo de Olano Vela que manifesta que é un tratado que se está negociando e que hai manifestacións que son elacubracións porque non casa o grao de detalle do que se di que contén o tratado que a metade non é certo.



Continua a súa intervención dicindo que o Ministerio de Economía non é parte desa negociación. É a Unión Europea no seu conxunto, a Comisión. Polo que pedirlle a alguén que non participa, solicitarlle que se rechace o acordo, que aínda non hai, non o ve o vexo lóxico nin serio. Di que piden que sexa Viveiro oposto ó TTIP, se non o hai aínda. Continua afirmando que si comparte defender os servizos públicos básicos, que niso están todos dacordo, pero que estes xa quedan fóra do TTIP, é certo que non o coñece. Di que non hai falta de transparencia porque hai unha páxina web do Ministerio de Economía, que esa é a realidade e que o punto nomeado queda fóra, os transxénicos igual, cada país ten liberdade, en contra, porque o que di moito non é real e é inútil porque fálase dun texto que non existe. Afirma que a arbitrase internacional existe e é privada e resolve cousas, importantes como Arxentina e Repsol. Págallo ós españois que viron como subiron as súas accións. Respecto a iso di que O que se baralla pola Unión Europea, é que no arbitrase haxa unha lista integrada por xuíces de carreira, hoxe non, elíxense entre privada.

Intervén en representación do grupo Municipal do B.N.G., Manuel Galdo Dopico, para manifestar que cando se está negociando é o momento de apretar, logo xa non se pode facer. Di que a experiencia con estes tratados é que gañan os poderosos (EEUU, Alemaña, Inglaterra e empresas de alto nivel) e que os países da periferia saíran perxudicados, como a economía galega de pequenas explotacións vai ter complicado chegar ó mercado porque as trabas van ser grandes. Continua afirmando que vai haber produtos de calidade ínfima e que se verá que pasa coa leite. Recoñece que non sabe o que se está negociando, e que votarán a favor.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto D. Víctor Miranda Gómez, que di que un tratado que se está negociando sen poder os eurodiputados levar o material, e tendo secreto sobre o que se traballa non será bo para os cidadáns.

Intervén o Concelleiro do Partido Popular de Viveiro, D. Jaime Eduardo de Olano Vela que di que a información está na páxina web do Ministerio e que estes tratados as grandes empresas non necesitan esto, xa traballan noutros países. Que os que teñen problemas son as Pymes. E que serán as máis beneficiadas. Que non hai que poñer portas ao campo e que hai que colaborar para que as empresas sallan ó exterior.

Intervén en representación do grupo Municipal do B.N.G., Manuel Galdo Dopico, para manifestar que se o Concelleiro do PP cree que este tratado vai axudar á economía tradicional salga adiante ou non o coñece ou estamos vendo mundos disntintos. Estamos escamados de todo o que nos veu dende a Unión Europea. Van perxudicar ós pequenas, medianas e ás grandes españolas.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto D. Víctor Miranda Gómez para dicir que non está dacordo co que se di de que as grandes empresas non necesitan axudas, son as grandes empresassas instigadoras destes tratados.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose a denegación da moción con 3 votos a favor correspondentes ós grupos do BNG, e ó concelleiro de Son Viveiro integrante do Grupo Mixto, 5 votos en contra correspondentes ao grupo do P.P. e a abstención dos 8 concelleiros correspondentes ó grupo do PSOE.

10.- MOCIÓN DE SON VIVEIRO PARA A APLICACIÓN DE POLÍTICA REAIS DE AXUDA A REFUXIADOS



Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto D. Víctor Miranda Gómez, que presenta para a súa aprobación a seguinte moción que literalmente di:

“D. Victor Marcial Miranda Gómez, Concelleiro do grupo Municipapl SON VIVEIRO no concello de Viveiro, presenta para a súa preparación a seguinte MOCIÓN PARA A APLICACIÓN DE POLÍTICAS REAIS DE AXUDAS A REFUXIADOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cruel realidade é que estamos ante a maior crise humanitaria dos últimos 50 anos en Europa. A situación é de auténtica emerxencia e a Unión Europea non pode mirar para outro lado ante as persoas que escapan de guerras provocadas ou alentadas pola propia Unión e pola súa rama militar, a OTAN, en Irak, Siria ou Libia.

Temos o deber de traballar tamén a nivel local para dar solucións a este problema e moitos concellos xa manifestaron a súa vontade de participar nunha rede de cidades-refuxio que acollan ás persoas refuxiados que intentan chegar a Europa, poñendo en grave perigo as súas vidas.

A presión social pode ser moi útil para romper a dinámica establecida por algúns gobernos, como o español, que afirman que non teñen medios suficientes para ampliar as súas cotas de aceptación de refuxiados. Tamén a presión social é útil para combater os brotes xenófobos contra as persoas refuxiadas que xorden en Europa, alentados por grupos de extrema dereita e tristemente tamén por algúns mandatarios.

Debemos impulsar a acollida a estas persoas non só como esixencia da súa dignidade, senón en memoria dos miles de refuxiados que o noso país expulsou a raíz da Guerra Civil.

Ante esta situación de crise humanitaria e para evitar que o papel do noso país quede relegado a ser un dos participantes neste disparate humanitario no que se están regateando cifras de persoas co discurso do “efecto chamada”, cando en realidade é un afecto saída, este grupo municipal trae ao pleno esta moción para chegar aos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: O Concello de Viveiro, declara a súa disposición a axudar e acoller como cidade refuxio ás persoas que escapan da guerra e a persecución nos seus países e solicitan asilo na Unión Europea e para elo adoptará as seguintes medidas:

- 1. Creación dun grupo de traballo entre os servizos sociais municipais, Cruz Roja e outras organizacións locais que traballen con persoas refuxiadas para definir as medidas a adoptar dende o Concello, para poder acoller a persoas refuxiadas no municipio.*
- 2. Preparar unha relación de posibles lugares de acollida, preferentemente de propiedade municipal.*
- 3. Habilitar unha partida económica para as actuacións municipais a adoptar, así como para colaborar caos organizacións que traballan na acollida a persoas refuxiadas.*



SEGUNDO: O Concello de Viveiro, de acordo coa proposta de CEAR (Comisión Española de Axuda ao Refuxiado) esixe á Unión Europea e aos seus Estados membro, especialmente ao Goberno de España, que poñan en marcha con carácter urxente as seguintes medidas:

- Desenrolar unha nova política de asilo e migración europea na que se dea prioridade ás persoas e aos dereitos humanos.

- Poñer en marcha una operación de rescate e salvamento eficaz que conte cos medios e o alcance necesarios, cumprindo co deber de socorro, co fin de evitar máis mortes no Mediterráneo.

- Habilitar vías legais e seguras que garantan o acceso ao dereito de asilo ás persoas refuxiadas evitando que teñan que emprender travesías mortais para obter protección nun país seguro. Para elo é necesario:

- Reforzar os programas de reasentamento en coherencia co número de refuxiados existente, asumindo un reparto equitativo e solidario entre todos os Estados.*
- Garantir a posibilidade de pedir asilo en embaixadas e consulados nos países de orixe e tránsito.*
- Activar políticas de concesión de visados humanitarios.*
- Eliminar a esixencia do visado de tránsito para aquelas persoas que proceden de países en conflito.*
- Facer realidade a Directiva Europea de Protección Temporal activando o mecanismo contemplado para facer fronte a emerxencias humanitarias.*
- Abordar as causas que provocando os desprazamentos forzados.*
- Propoñer e poñer en marcha novos mecanismos non militarizados de xestión dos fluxos migratorios en Europa, e por ende en España.*

TERCEIRO: Comunicar o presente acordo á cidadanía do municipio, ao CEAR, ao Goberno de España, a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso de Deputados e á Comisión Europea.”

Intervén a Sra. Alcaldesa para manifestar que o referente ao punto un xa se fixo e que primeiro miraron o que se ten e do que se pode dispoñer. Manifesta que hai once vivendas que pertencen á Xunta con 40 persoas pendentes para acceder porque teñen unha renda moi baixa. Pero que tamén o Concello é solidario.

A continuación expón o que se fixo dende o Concello en relación a este tema.

- O 7 de setembro remitiuse escrito para que se ceda o Albergue de Area para poñelo á disposición dos refuxiados.*
- O 10 de setembro tamén se remitiu o mesmo á Consellería.*
- O 11 remítese ó Ministerio onde se di que se pon a disposición o que se teña e valga.*
- O 24 de setembro contestan e din que agradecen que o concello se acordas do albergue e que xa o cederán eles. O concello manifesta a importancia de que a Xunta lle comunique se*



acollen a algunhas familias para poder prestarlles servizos sociais. A Xunta de Cofradías e a Unidade Pastoral contactaran co Concello decindo que estarían dispostos a pagar alquiler dun piso ou para familias.

Hai unha familia que tamén cede a súa vivenda para acoller a algunha familia. Xa se fixeron todos os pasos.

Remata a súa intervención manifestándose dacordo co resto da moción.

Intervén o Voceiro do Partido Popular de Viveiro, D. Antonio J. Bouza Rodil que manifesta que as peticións parecen enfocados ó Estado, que o Concello ten que poñerse á disposición do Estado e Xunta e ten que ser unha acción coordinada xa tamén coa Unión Europea. Continua dicindo que o Concello está facendo o que ten que facer e o goberno central igual e que en maio xa se puxo en marcha un equipo de traballo cos Ministerios, que hai que preparar a xestión do traslado e se intensificaron as reunións e contactos.

Afirma que en canto ós recursos está previsto un incremento na partida correspondente para os orzamentos de 2016, por unha enmenda do PP apoiada por todo os grupos, unha vez que se soubo aproximadamente o número de refuxiados a acoller. Di que en setembro se se aprobaron axudas extraordinarias de 13 millóns para esta situación e que España xa conta cun sistema de atención ós refuxiados dende hai anos, pero estase reforzando para esta situación excepcional. Añade que a Xunta tamén está cumprindo e ofrecen unha resposta inmediata, rápida, seria, solidaria e coordinada. Asume a coordinación de todos os recursos que se poñen á disposición en Galicia.

Remata a súa intervención dicindo que é unha situación delicada que precisa coordinación e que algunhas cousas que pide xa se están cumprindo, e que outras están en camiño, manifesta que o seu grupo se absterá na votación.

Intervén en representación do grupo Municipal do B.N.G., Manuel Galdo Dopico, para manifestarse a favor xa que ven con agrado que o Concello xa tomara medidas dentro da súa limitación. Di que quen es teñen que moverse fortemente neste tema son os Estados e que a deixadez a nivel Europeo foi tremendo, xa que non se quixo ver o problema ata que se enquistou. Manifesta que é vergoñento que as mafias actúan con total liberdade e que isto foi o que preocupou á sociedade europea (o que se ía vendo) e que non se aborda o problema islámico en orixe, síguen vendéndose armas...

Remata a súa intervención dicindo que é importante esixir ao goberno central medidas neste tema.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose a aprobación da moción con 11 votos a favor correspondentes ós grupos do PSOE, BNG, e ó concelleiro de Son Viveiro integrante do Grupo Mixto, e a abstención dos 5 concelleiros correspondentes ó grupo do PP., do seguinte xeito:

PRIMEIRO: O Concello de Viveiro, declara a súa disposición a axudar e acoller como cidade refuxio ás persoas que escapan da guerra e a persecución nos seus países e solicitan asilo na Unión Europea e para elo adoptará as seguintes medidas:

- 4. Creación dun grupo de traballo entre os servizos sociais municipais, Cruz Roja e outras organizacións locais que traballen con persoas refuxiadas para definir as medidas a adoptar dende o Concello, para poder acoller a persoas refuxiadas no municipio.**
- 5. Preparar unha relación de posibles lugares de acollida, preferentemente de propiedade municipal.**



6. Habilitar unha partida económica para as actuacións municipais a adoptar, así como para colaborar caos organizacións que traballan na acollida a persoas refuxiadas.

SEGUNDO: O Concello de Viveiro, de acordo coa proposta de CEAR (Comisión Española de Axuda ao Refuxiado) esixe á Unión Europea e aos seus Estados membro, especialmente ao Goberno de España, que poñan en marcha con carácter urxente as seguintes medidas:

- Desenrolar unha nova política de asilo e migración europea na que se dea prioridade ás persoas e aos dereitos humanos.

- Poñer en marcha una operación de rescate e salvamento eficaz que conte cos medios e o alcance necesarios, cumprindo co deber de socorro, co fin de evitar máis mortes no Mediterráneo.

- Habilitar vías legais e seguras que garantan o acceso ao dereito de asilo ás persoas refuxiadas evitando que teñan que emprender travesías mortais para obter protección nun país seguro. Para elo é necesario:

- Reforzar os programas de reasentamento en coherencia co número de refuxiados existente, asumindo un reparto equitativo e solidario entre todos os Estados.**
- Garantir a posibilidade de pedir asilo en embaixadas e consulados nos países de orixe e tránsito.**
- Activar políticas de concesión de visados humanitarios.**
- Eliminar a esixencia do visado de tránsito para aquelas persoas que proceden de países en conflito.**
- Facer realidade a Directiva Europea de Protección Temporal activando o mecanismo contemplando para facer fronte a emerxencias humanitarias.**
- Abordar as causas que provocando os desprazamentos forzados.**
- Propoñer e poñer en marcha novos mecanismos non militarizados de xestión dos fluxos migratorios en Europa, e por ende en España.**

TERCEIRO: Comunicar o presente acordo á cidadanía do municipio, ao CEAR, ao Goberno de España, a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso de Deputados e á Comisión Europea.”

11.- MOCIÓN DE SON VIVEIRO PARA A IMPOSICIÓN DUNHA TAXA POLA INSTALACIÓN DE CAIXEIROS AUTOMÁTICOS NAS FACHADAS CON ACCESO DURECTO DESDE A VÍA PÚBLICA.



Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto D. Víctor Miranda Gómez, que presenta para a súa aprobación a seguinte moción que literalmente di.

“D. Victor Marcial Miranda Gómez, Concelleiro do grupo Muniapl SON VIVEIRO no concello de Viveiro, presenta para a súa preparación a seguinte MOCIÓN PARA A IMPOSICIÓN DUNHA TAXA POLA INSTALACIÓN DE CAIXEIROS AUTOMÁTICOS NAS FACHADAS CON ACCESO DIRECTO DESDE A VÍA PÚBLICA

O Tribunal Supremo deulles vía libre aos municipios para poder cobrar a caixas e bancos pola utilización intensiva que os caixeiros automáticos fan dos espazos públicos, contrariamente ao defendido pola patronal das caixas de aforros, a CECA. Nunha sentenza, a Sala de lo Contencioso-Administrativo recoñeceu finalmente a lexitimidade para poder cobrar una taxa municipal polos caixeiros automáticos instalados nas fachadas das entidades financieras.

Segundo o fallo do Alto Tribunal, os caixeiros automáticos “constituyen auténticas oficinas de urgencia de las entidades financieras” que ofrecen servizos de forma continua e obteñen o conseguinte proveito económico. A sentenza do Supremo considera que a maior intensidade no uso do espazo público proporcionalles ás entidades de crédito un beneficio específico e exclusivo que poderá ser gravado con taxas locais.

A sentenza senta así xurisprudencia para outros procesos abertos entre entidades bancarias e algúns concellos, que actualmente aplican tarifas. O Supremo desestima a impugnación da CECA e dálles vía libre a todos os municipios. O Tribunal Supremo (TS), nunha sentenza do 11 de febreiro de 2009, avala que os concellos lles cobren ás entidades financieras unha taxa polos caixeiros automáticos que se sitúan na vía pública, con independencia, segundo se desprende do escrito, de que o caixeiro se prolongue ou non por detrás da fachada.

O Alto Tribunal desestima o recurso de casación interposto pola patronal das caixas, CECA, e confirma a legalidade da ordenanza que un determinado concello cobra por esta taxa. Nesta primeira sentenza súa ao respecto, o TS crea xurisprudencia e recoñece que nestes supostos existe unha utilización especial do dominio público que beneficia á entidade financiera e que xustifica, polo tanto, o cobro de dito importe por parte dos concellos.

É unha nova taxa que terán que aboar os bancos e as caixas, sen prexuízo para o consumidor, “ya que son los que se enriquecen de esa utilización del dominio público, y no los usuarios”. O Alto Tribunal argumenta que se no existira a actividade nas rúas ao utilizar os caixeiros, non existiría tampouco o servizo prestado, cuxo desenvolvemento, ademais, é trasladado dende o interior da oficina bancaria á vía pública. Ademais, utilízase o dominio público para algo “especial”, ben distinto do uso xeral colectivo da vía pública.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno os seguintes ACORDOS:

Primeiro: Elaborar e aprobar a ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalación de caixeiros automáticos nas fachadas dos inmobles con acceso directo desde a vía pública e que na mesma se fixe unha cuota de 3000 € anuais por cada caixeiro instalado.

Segundo: Que non se aplique ningunha exención.



Terceiro: Que a súa elaboración e posterior aprobación teña carácter urxente para, así, aplicar dita taxa no vindieiro exercicio.”

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que non existe esta regulación e que votarán a favor. Que hai sobre caixeiros máis ou menos que están na vía pública. Manifesta que a cantidade de 3.000€ hai que miralo, pero que votarán a favor. Maníféstase favorable a crear unha regulación que abrangue máis ocupacións e a crear unha comisión e para valoralo.

Intervén o Voceiro do Partido Popular de Viveiro, D. Antonio J. Bouza Rodil que se manifesta dacordo con que se cobre unha taxa, igual que tamén para unha terraza, andamios... Móstrase dacordo en que se elabore e plantexa que a cuestión e decidir cas cuotas e que cabe a posibilidade de que ó mellor un banco peche os caixeiros.

Intervén en representación do grupo Municipal do B.N.G., Manuel Galdo Dopico que se manifesta a favor das comisións dos bancos, ós usuarios son beneficiarios. Conclúe que dado o comportamento da gran banca, móstrase a favor dos cidadáns.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto D. Víctor Miranda Gómez que manifesta que no Carballiño a comisión é de 2000 €, en Ribadeo é de 3000€ e cre que non é desorbitado para os bancos.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose aprobada por unanimidade, e quedando redactada do seguinte xeito:

Primeiro: Elaborar e aprobar a ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalación de caixeiros automáticos nas fachadas dos inmobles con acceso directo desde a vía pública e que na mesma se fixe unah cuota de 3000 € anuais por cada caixeiro instalado.

Segundo: Que non se aplique ningunha exención.

Terceiro: Que a súa elaboración e posterior aprobación teña carácter urxente para, así, aplicar dita taxa no vindieiro exercicio.

12.- MOCIÓN DE SON VIVEIRO RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECINAL.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto D. Víctor Miranda Gómez, que presenta para a súa aprobación a seguinte moción que literalmente di:

“D. Victor Marcial Miranda Gómez, Concelleiro do grupo Municipl SON VIVEIRO no concello de Viveiro, presenta para a súa preparación a seguinte MOCIÓN relativa á ELABORACIÓN DUN REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL, de acordo ó seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



Desde o grupo Municipal SON VIVEIRO, lamentamos que os veciños de Viveiro non conten cun Regulamento de Participación Veciñal, que sirva para canaliza de forma directa e participar con total transparencia nos asuntos públicos, e non só exercendo o sufraxio cada catro anos para decidir a composición deste Pleno.

Tal e como expuxeramos no noso programa electoral, SON VIVEIRO leva adiante esta proposta, e agarda contar co apoio do resto dos Grupos que conforman esta Corporación Municipal para a aprobación desta Moción e coa participación das distintas organizacións promotoras desta iniciativa para a súa correcta elaboración e posterior posta en marcha do devandito Regulamento de Participación Veciñal.

Desde o ano 1997, a Comunidade Autónoma de Galicia, nos artigos 251 e 257 do capítulo V, e artigos 67 e 72 do capítulo I da Lei 5/1997 de Administración Municipal de Galicia, e artigo 4.1.a. e capítulo 4º da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local establece que os concellos deben promover e desenvolver unha normativa que regule a participación cidadá.

SON VIVEIRO considera que o ámbito local debe ser dende onde se faga a construción da democracia participativa, por ser o Concello a institución máis próxima e a que os veciños e veciñas, de xeito individual ou como representantes de organizacións –sexan estas veciñais, deportivas, culturais, xuvenís, de mulleres, sindicais, profesionais, medio ambientais ou de calquera outra índole- primeiro se direxen para formular as súas propostas e demandas.

Por todo isto SON VIVEIRO propón ao Pleno do Concello de Viveiro a aprobación dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.- O Grupo de Goberno realizará unha ampla campaña de información a todas as veciñas e veciños e ao tecido asociativo co fin de promover a elaboración dun Regulamento de Participación Veciñal que conte coa participación e debate colectivo o máis plural posible.

Segundo.- A creación dunha comisión de traballo temporal na que estean representados asimismo todos os grupos municipais co fin de elaborar este Regulamento, e someter o mesmo á aprobación deste Pleno á maior brevidade posible.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que non esta dacordo en que o Concello é a primeira porta a onde acoden os veciños, que non hai regulamento pero sí hai participación cidadá, que se reunen con asociacións de todo tipo: deportivas, culturais,... e tamén cos veciños cando se fai unha obra nun barrio... Manifesta que incluso a veces se modifican cousas propostas polos veciños (Avenida de Cervantes) e que os voceiros a veces participan en reunións cos sectores. Neste senso plantexa que teñen voz nos plenos, que non hai problema, pero con estes plenos o ve difícil. Di que Son Viveiro presenta unha pregunta tarde, mal arrastro.

Remata a súa intervención dicindo que propón un regulamento de organización donde se abrangan o funcionamento do pleno, que aquí non está regulado, mocións... propoñendo s que se faga un regulamento de organización municipal e se fale da participación cidadá., para calquer colectivo que quere pactar algo nun pleno a través do goberno, grupos...

Intervén o Voceiro do Partido Popular de Viveiro, D. Antonio J. Bouza Rodil que manifesta o seu de acordo tanto na exposición de motivos como no que se solicita. Móstrase a favor.



Intervén en representación do grupo Municipal do B.N.G., Manuel Galdo Dopico que se mostra a favor de todo o que sexa acercar a administración é bo. O tecido social sae reforzado. Di que toca un regulamento que se axuste, cun límite temporal, de número de mocións... é un tema que tamén se debe tratar.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto D. Víctor Miranda Gómez para manifestar que a base disto é darlles voz ós veciños, que non teñan que canalizar todo, senón que teñan voz que é o que demandan na rúa, non ter que canalizar a través de nós. Di que non debería dar medo que podan participar no pleno, xa que se o fan eles non o farán os grupos.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que non hai medo ningún, que se reúnen para calquer cousa, aínda que moitas son tensas e que escoitan todo. Di que pode facerse, pero que aquí non abarca o regulamento do funcionamento do Pleno. Continua afirmando que facer un regulamento de organización municipal onde se regulase todo isto e a participación cidadá tamén e que hai plenos que hai temas de trámite onde se podería participar de maneira organizada.

Remata a súa intervención dicindo que si o grupo Municipal Son Viveiro modifica o seu acordo e non se empeza a casa polo tellado. Di que mellor empezar por ahí e contemplar iso tamén. Manifesta que se poden facer as dúas cousas e que se Son Viveiro propón iso insta a que o faga e o propoña. Propón que se acepte a moción coa enmenda do regulamento de organización de funcionamento Municipal.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose aprobada por unanimidade, e quedando redactada do seguinte xeito:

Primeiro.- O Grupo de Goberno realizará unha ampla campaña de información a todas as veciñas e veciños e ao tecido asociativo co fin de promover a elaboración dun Regulamento de Participación Veciñal que conte coa participación e debate colectivo o máis plural posible.

Segundo.- A creación dunha comisión de traballo temporal na que estean representados asimesmo todos os grupos municipais co fin de eleborar este Regulamento, e someter o mesmo á aprobación deste Pleno á maior brevidade posible.

Intervén a Sra. Alcaldesa que manifesta que nunha Comisión Informativa de Urbanismo, se dictaminaran dous puntos que non se incorporaran na Orde do día.

Intervén a Secretaria Municipal para sinalar que efectivamente, por parte da Sra. Alcaldesa sinalase que na elaboración da orde do día se olvidou a inclusión dun punto, que fora dictaminado na Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural, para a súa inclusión no presente pleno. Cédelle a palabra á Secretaria Municipal.

Intervén a Secretaria Municipal para sinalar que efectivamente, na referida Comisión Informativa se dictaminaron dúas propostas, referentes ós seguintes puntos:



- ⇒ INICIO DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DE CAMIÑO NO LUGAR DE CHAOS, NA PARROQUIA DE CHAVÍN.
- ⇒ CAMBIO DE TITULARIDADE DE CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS DO CEMITERIO MUNICIPAL.

Sinala que, segundo o establecido no artigo 91 do ROF, nas sesións ordinarias, concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar ó turno de rogos e preguntas, se poden someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que non teña cabida no punto de rogos e preguntas. De ser así xustificárase a urxencia e o Pleno votará sobre a procedencia do seu debate.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que tendo en conta que se tratou dun erro a non inclusión dos referidos puntos, e que na Comisión Informativa foron dictaminados, propón a súa inclusión no presente pleno, esta proposta acordase por unanimidade dos presentes, polo que se procede ó debate dos dous puntos referidos.

A.- INICIO DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DE CAMIÑO NO LUGAR DE CHAOS, NA PARROQUIA DE CHAVÍN.

Vista a proposta da Alcaldía de inicio do expediente de investigación de camiño no lugar de Chaos, na parroquia de Chavín, que literalmente di:

“María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro,

Resultando que neste Concello consta escrito no que se solicita, entre outros, que se recoñeza a existencia dun camiño, referenciado catastralmente cos números de parcela 9004 e 9005 do polígono 42, presentada por D. Fernando Aguirre Vigo en data 18 de decembro de 2014 (nº de rexistro 9.353), acompañando croquis referente ó trazado do mesmo.

Tendo en conta que, segundo consta na documentación obrante neste Concello, referente ó inventario de bens, o camiño descrito na solicitude non figura no inventario municipal, aínda que parte do trazado sí parece coincidir co trazado dun camiño inventariado.

Resultando que consta informe emitido polo vixiante urbanístico, unha vez personado na zona, sobre a percepción visual in situ do camiño referenciado na solicitude recibida.

Resultando que según se desprende do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, pódese acordar de oficio ou por denuncia dos particulares, pola Corporación, o exercizo da acción investigadora, polo que se entende que o órgano competente para o exercizo desta acción é o Pleno da Corporación.

Resultando que segundo establece o artigo 48 do RBCL, recibida a comunicación, recopilados os datos referentes ó camiño citada na mesma, e antes de acordar a apertura do expediente, procédese a un estudo previo sobre a procedencia do exercizo da acción investigadora, constando informe da encargada do Departamento de Servizos Xurídicos do Concello, e tendo en conta as



dúbdas que se xeran dos datos sinalados sobre a existencia e titularidade do camiño enténdese que procede a incoación dun expediente de investigación de oficio sobre o camiño referido no escrito presentado por D. Fernando Aguirre Vigo en data 18 de decembro de 2014 (nº de rexistro 9.353), ó que se acompaña un croquis sobre o seu trazado.

O artigo 49 do RBCL sinala que o acordo de iniciación do expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia, con expresión das características que permitan identificar o ben ou dereito investigado, e de dito acordo darase traslado á Administración Estatal e Autonómica para que éstas, no seu caso, podan facer valer os seus dereitos e alegar o que procedese.

O artigo 50 da mesma norma establece que no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación, poderán as persoas afectadas polo expediente alegar por escrito o que estimen convinte acompañando todos os documentos que consideren, debendo ser notificados persoalmente os afectados que resulten coñecidos no expediente. Transcorrido o prazo referido abrirase o período de proba e efectuada e valorada a mesma porase de manifesto o expediente por término de dez días ós afectados que comparecesen no expediente para que aleguen o que estime convinte, resolvendo posteriormente o expediente polo Pleno da Corporación previo informe de Secretaría.

Esta Alcaldía, ten a ben presentar ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Iniciar o procedemento de investigación de oficio do camiño referido no escrito presentado por D. Fernando Aguirre Vigo en data 18 de decembro de 2014 (nº de rexistro 9.353), ó que se acompaña un croquis sobre o seu trazado.

Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, coa expresión das características que permitan identificar o ben, estando exposto por un período de 15 días.

Terceiro.- Dar traslado, según o estipulado no artigo 49 RBCL, do presente acordo de reinicio do expediente á Administración Estatal e Autonómica, ós efectos de que podan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

Cuarto.- Notificar este acordo ós afectados polo expediente de investigación coñecidos, concedéndolles un prazo de alegacións de un mes (contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación dos anuncios), segundo o disposto no artigo 50 do RBCL.

Quinto.- Facultar ó Alcalde-Presidente do Concello ou quen legalmente o sustitúa para levar a cabo a tramitación do procedemento segundo o establecido no RBCL e na LPAP, ata o momento de resolución do expediente, que debe ser realizado polo Pleno da Corporación.”

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.

Non existindo debate sobre este asunto procédese á votación acordándose, por unanimidade, a aprobación da proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:



Primeiro.- Iniciar o procedemento de investigación de oficio do camiño referido no escrito presentado por D. Fernando Aguirre Vigo en data 18 de decembro de 2014 (nº de rexistro 9.353), ó que se acompaña un croquis sobre o seu trazado.

Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello, coa expresión das características que permitan identificar o ben, estando exposto por un período de 15 días.

Terceiro.- Dar traslado, según o estipulado no artigo 49 RBCL, do presente acordo de inicio do expediente á Administración Estatal e Autonómica, ós efectos de que podan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

Cuarto.- Notificar este acordo ós afectados polo expediente de investigación coñecidos, concedéndolles un prazo de alegacións de un mes (contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación dos anuncios), segundo o disposto no artigo 50 do RBCL.

Quinto.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello ou quen legalmente a substitúa para levar a cabo a tramitación do procedemento segundo o establecido no RBCL e na LPAP, ata o momento de resolución do expediente, que debe ser realizado polo Pleno da Corporación

B.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS DO CEMITERIO MUNICIPAL.

A.- MARÍA DOLORES BEN ABAD

Vista a solicitude de D^a. María Dolores Ben Abad, con DNI 33678817D, e domicilio a efectos de notificación en R/ Nicolás Cora Montenegro Nº 76, 3^oE, Viveiro, para o cambio de titularidade ó seu nome da concesión administrativa no cemiterio municipal de Altamira, correspondente a un NICHU situado no Grupo “San Germán”, Cadro 1, Fila 25, Números 1-2-3-4, que figuran no título concesional a nome de D^a. Carmen Fraga Balseiro e D^a. Dolores Ben Abad.

Vista a documentación presentada pola solicitante, en orde a acreditar o seu dereito á titularidade da concesión solicitada.

Resultando que o artigo 41 do Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios do Concello de Viveiro, publicado no BOP nº 216, de 18 de setembro de 2008, establece que a titularidade das concesións administrativas pode ser modificada por falecemento do titular ou inter vivos.

Resultando que o artigo 43 do Regulamento Municipal establece un prazo de dous anos dende o falecemento do titular para solicitar o cambio de titularidade ó seu favor, que no suposto de existencia de varios herdeiros e tramitación da declaración de herdeiros este prazo empezará a contar dende a data da declaración de herdeiros (debendo presentarse no prazo de dous anos escrito de comunicación desta circunstancia). Transcorrido este prazo sen producirse a solicitude referida iniciarase expediente para a invalidación do título de concesión, revertendo a favor do Concello.



Resultando que o apartado segundo da modificación do Regulamento Municipal publicado no BOP nº 200, de data 1 de setembro de 2014, establece unha ampliación do prazo de adaptación das concesións administrativas do Cemiterio Municipal ó Regulamento Xeral dos Servizos Mortuorios, en cinco anos dende a publicación de dita modificación, polo que durante este prazo se poden actualizar as concesións administrativas.

Resultando que segundo establece o artigo 93 da LPAP o prazo máximo será de 75 anos.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.

Non existindo debate sobre este asunto, acórdase por unanimidade dos presentes:

Primeiro.- Cambiar a titularidade da concesión administrativa do NICHU situado no Grupo “San Germán”, Cadro 1, Fila 25, Números 1-2-3-4, que figuran no título concesional a nome de D^a. Carmen Fraga Balseiro e D^a. Dolores Ben Abad, pasando a ser titularidade de D^a. María Dolores Ben Abad.

Segundo.- Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 13/07/1994), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o vencemento dos 25 anos da concesión o 13/07/2019.

Terceiro.- Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

13.- ROGOS E PREGUNTAS

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE VIVEIRO CON (nº DE REXISTRO DE ENTRADA 7409) .



Na rúa Suasbarras da parroquia de Covas, fronte á vivenda número 30, hai colocados dous bolardos na beirarrúa. Como queira que no resto da rúa na súa marxe dereita dirección Viveiro-Ferrol non hai ningún máis, e polo que lle preguntamos á Sra. Alcaldesa:

-Cal é o motivo da colocación dos bolardos?

-Teñen pensado a colocación de máis bolardos nesta marxe da rúa?

-En caso afirmativo, cando pensan facelo?

Intervén a Sra. Alcaldesa para respostar que hai máis dun ano un veciño de Covas pediu elemento disuasorio para que non aparcarán enfronte a súa vivenda. Acordouse na XGL unha papelería, desmontouse.

Díxose que o veciño aparcaba na beirarrúa, por iso non se puxeron.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE VIVEIRO (CON Nº DE REXISTRO DE ENTRADA 7212)

Nas festas de Xunqueira a Cofradía de Valdeflores enviou unha invitación ao concello convidando á Corporación Municipal para asistir á misa e procesión. O noso partido político non foi informado de dita invitación por ningún membro do grupo de goberno, o cal nos fai dubidar si anteriormente fomos convidados a algún outro acto e non se nos comunicou. Non entendemos os motivos polos que non se nos avisou.

Por todo o exposto, é polo que lle rogamos á Sra. Alcaldesa que cando envíen a unha invitación ao Concello para toda a Corporación se nos avise, e en caso de ter sucedido con algunha outra invitación ata a data de hoxe nos indique cales foron.

Intervén a Sra. Alcaldesa que manifesta que é frecuente que con asociacións, Comisións de festas, convidacións... a veces danlles a cada un e outras no Concello. Di que a veces veñen xenéricas, outras para todos... e a veces só para esta Alcaldía. O habitual é chamar ós voceiros de cada grupo e dar copia. Manifesta que non dubida xa que o di a Cofradía de Valdeflores, admitindo que puido ser despiste, nunca de forma malintencionada e que se arreglaría cunha chamada.

Intervén, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, D. Belinda Bermúdez Otero que pregunta se houbo máis invitacións.

A Sra. Alcaldesa responde que non, que xa aclarou que en todos os actos está o PP e que foi un erro que non se avisase neste.

Intervén, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, D. Belinda Bermúdez Otero que manifesta que xa dixera que non e que tamén ocorrera nas festas patronais.

Intervén a Sra. Alcaldesa que manifesta que respecto ao tema de Viveiro xa o aclarou con Bouza que era unha invitación ó trofeo á cidade de Viveiro. Mandaron unha carta persoal disculpándose. Di que era unha invitación persoal e que deu por feito que foran invitados. E reitera que a primeira é a da Cofradía de Xunqueira.

ROGO PRESENTADO POLO PARTIDO POPULAR DE VIVEIRO (CON Nº DE REXISTRO DE ENTRADA: 7211)



Os retablos situados na “Porta de Carlos I de España e V de Alemania” e na “Porta da Vila” atópanse nun lamnetable estado de abandono e deterioro, dando unha mala imaxe tanto para os/a s veciños/as de Viveiro como para os turistas que nos visitan. Adxuntamos fotografías para corroborar dito estado. Por esta razón rogamos á Sra. Alcaldesa que adopte as medidas necesaria para proceder á súa limpeza e resturación por persoal especializado, posto que se trata de imaxes moi antigas e requiren un coidado especial.

Intervén a Sra Alcaldesa que manifesta que a porta de Carlos V, que en 1942 foi declarado monumento histórico require autorización de patrimonio o que implica un coste elavado, e que se fará no seu momento.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO PARTIDO POPULAR DE VIVEIRO(CON N° DE REXISTRO DE ENTRADA 7240)

No DOGA do 18 de marzo de 2015, publicase a RESOLUCIÓN do 6 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos para o fomento da accesibilidade e sinallización nos recusros turísticos no medio rural, cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se anuncia a convocatoria para o ano 2015.

Esta actuación encádrase dentro da medida 313 do PDR de Galicia 2007-2013, destinadas ao fomento de actividades turísticas, para inverter a tendencia negativa na economía das zonas rurais e o seu despoboamento proporcionando un apoio para o estímulo das actividades turísticas, tendo en consideración que o turismo é un sector en desenvolvemento importante en moitas zonas rurais que crea emprego e aumenta a atracción global do medio rural.

Eran subvencionables as actuacións de mellora da accesibilidade física e sinalización nos seguintes recursos turísticos: espazos naturais coma miradoiros e rotas de senderismo.

A contía da axuda non podía superar o importe máximo de 50000€, sendo nalgúns casos, de cumprirse unha serie de normas, subvencionable dita cantidade o 100 % (ive excluído)

Como queira que en Viveiro temos varias rutas de senderismo cunha sinalización que deixa bastante que desexar e, dado que o prazo para presentar a solicitude desta subvención rematou o 19 de abril de 2015, e polo que lle preguntamos á Sra. Alcaldesa:

1º Solicitaron dita subvención para este ano 2015?

2º En caso de non tela solicitada, cal foi o motivo de non facelo?

No DOGA do 7 de xullo de 2015 publicabase a ORDE do 22 de xuño de 2015 pola que se se establecían as bases reguladoras da subvención plurianual a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na rede de Bibliotecas de Galicia e se procedía á súa convocatoria para o período do 1 de maio ao 1 de abril de 2016.

A subvención que lle podería corresponder o noso concello sería dun máximo de 2000 € por encontrarse no tramo de 10.001 a 20.000 habitantes.

Como queira que o prazo para solicitala renatou o 7 de agosto de 2015 e polo que lle preguntamos á Sra. Alcaldesa.

1º Solicitaron dita subvención?

2º En caso de non tela solicitada, cal foi o motivo de non facelo?



Intervén a Sra Alcaldesa que manifesta que tendo en conta que non é a primeira vez que o preguntan, pide que nas próximas ocasións o fagan antes de que remate o prazo se tanto interés teñen..

Manifesta que cada Departamento é o responsable de analizar as subvencións e logo de forma conxunta se procede a solicitar se procede a solicitar ou non, di que ás que fai referencia nese momento non se solicitaron e non recorda, xa que se avalía nese momento se se piden ou non. Reitera que se están interesados poden decilo antes de rematar e así se explica e se valora o por que.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO PARTIDO POPULAR DE VIVEIRO(CON Nº DE REXISTRO DE ENTRADA 7103)

Varias persoas usuarias da piscina municipal, s etyeñen dirixido ao noso grupo para comentarnos que cando pagan os 4.50 € da entrada por usar a piscina un día, non se lles entrega ningún ticket que xustifique ese pago, aínda que algunhas desta spersoas así o solicitaon expresamente. Antes esta situación que cosidermaos como anómala e plo que lle preguntamos á Sra Alcaldesa:

1. Como se controla o acceso ao uso da piscina a esta usuarias dun día, pero que carecen de ticket que así o acredite?
2. Como se controla arecaudación por ese concepto?
3. A canto ascendeu dita recadación no ano 2014 por ese concepto?
4. Parecelles legal que unha empresa municipal cobre sen emitir a correspondente xustificación?

Intervén a Sra Alcaldesa que manifesta que o acceso faise pola entrada principal e recepción e contrólase. Véndese as entradas con ticket (datos, hora, número...) informatizado e cumpre con todos os requisitos, o que permite calcular exactamente a recadación que ascendeu ás seguintes cantidades:

2014: 14.004€

2015: 10.246'20€

Conclúe dicindo que A legalidade, a contabilidade do servizo é fiel á realidade o que non é lóxico é afirmar do que carece de xustificación, xa que se está a falar duns traballadores.

PREGUNTAS E ROGOS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE VIVEIRO(CON Nº DE REXISTRO DE ENTRADA 7408)

PREGUNTAS

1. O vindeiro 1 de decembro é obrigatorio conforme á normativa estatal a disolución das empresas de titularidade municipal. A Alcaldesa aseguro de xeito previo ás Eleccións Municipais que a xestión da piscina municipal sería pública, e por isto que preguntamos:
¿Cales foron as xestións realizadas polo Goberno Municipal para garabtir a xestión Pública da piscina?



¿Cómo se vai levar a cabo a xestión do persoal da piscina? ¿Está previsto un proceso de selección de persoal? De ser así, e tendo en conta que faltan dous meses para a disolución de Turviveiro, ¿cando se vai iniciar o procedemento?

2. En numerosas ocasións o Goberno Municipal anunciou a inminente posta en funcionamento da nova páxina web do Concello, todas elas falsas. Na última ocasión, meses antes das Eleccións, a alcaldesa asegurou que estaba redactando a saúda para a web. E por iso que preguntamos ¿Rematou vostedes vostede de redactalo para que se poda poñer en funcionamento a nova páxina web municipal?

ROGOS

1. Fai uns días nos medios de comunicación o goberno municipal daba marcha atrás en canto á circulación preista na Avenida de Cervantes, unha vez rematadas as obras, pasando de sentido único a dobre sentido. No BNG, cremos na humanización do entorno do Casco de Viveiro e nunha cidade pensada para as persoas e non para os coches, e esta modificación suporá máis espazo para os coches que para as persoas nesa rúa. É por iso que rogamos se celebre unha reunión da comisión de urbanismo, con presenza de técnicos do concello e da policía local, para tomar unha decisión conxunta sobre o sentido do tráfico na Avenida de Cervantes.

Intervén a Sra Alcaldesa que manifesta respecto ao punto primeiro(preguntas) que se mantiveron sete reunións cos traballadores sindicais, pero que non se fixeron publicos. Di que antes das eleccións estivo con pancartas o BNG e se falou de inconvinientes, que houbo técnicas municipais e da Deputación. Unha vez recibidos informes do Concello e Deputación asinouse un documento para xestión directa, que acorda o Pleno. Remata dicindo que no día de hoxe se reuniron a Secretaria e a Intervención para seguir con isto, e que teñen previsto levalo ó seguinte pleno ordinario.

Respecto á segunda pregunta di que o da páxina web non se debe a que non estea redactado xa , xa que está dende hai meses. O tema foi que se pospuxo e encomendouse a unha empresa (que primeiro ía facer a Deputación, co cambio da “paralizáronse as xestións.) Finalmente decidiuse facelo por parte do Concello vaise vincular a presentación da web co flashmov para promocionar Viveiro.

Respecto aos rogos a Sra. Alcaldesa di que é o mesmo que se lle comentaba a Víctor. Fíxose unhar eunión, á que podía ir todo o mundo. Estaba o técnico municipal e o inspector da policía. Pactouse o proxecto. A intención era dirección única. O camiño vello non están en bo estado. Manifesta que propuxeran que se fixese inicialmente dobre sentido e que Aamaioría, case unanimidade, (comerciantes, residentes...) querían o dobre sentido inicial. Non hai problema en facelo.

Intervén en representación do grupo Municipal do B.N.G., Manuel Galdo Dopico que di que non cree xustificada a celebración desa reunión de urbanismo. Que é unhas das obras emblemáticas e cando inicialmente é de sentido único sería por algo. Manifesta que baraxar alternativas entende que as beirarrúas van ó mesmo nivel, e se é dobre sentido o espazo para bancos... redúcese. Debe verse valente para que esto teña o menos tráfico posible. Di que non debe modificarse o proxecto inicial con Viveiro aberto ó mar. Opina que atascos xa os hai e que se debe intentar facer un Viveiro mellor.



Intervén a Sra Alcaldesa que di que non teñen problema en facela e cre que os primeiros son os veciños os que deben falar. O técnico di que non cambia o proxecto pero inicialmente pode facerse. Manifesta que hai déficit de arranxo no Río dos Foles e Camiño Vello e que unha vez esas rúas estén arranxadas cambiará, xa que agora non están en bo estado. Di que farán a reunión e debatirase alí o que se falou cos veciños.

ROGOS PRESENTADOS POR SON VIVEIRO CON (Nº DE REXISTRO DE ENTRADA 7371)
ROGOS

1.- Na intersección da estrada O Sixto-Magazos coa Lugo-Viveiro, n' A Rúa Nova (Magaozs), dous postes de tendido eléctrico e telefónico, rodeados de varios sinais colocados a unha altura indebida, así como vehículos estacionados diante do bar alí situado, provocan que para saír do STOP en ocasións as condutoras e condutores teñan que invadir parte do carril da estrada principal para poder visualizar aos que se dirixen cara a Viveiro.

Por isto,

Solicitamos que por parte do equipo de goberno se fagan as xestións oportunas para corrixir o emprazamento destes obstáculos que foron os culpables de máis dun sinistro.

2.- Como todos sabemos, está próxima a época na que os ventos son máis fortes e unha gran parte dos colectores de lixo do noso municipio atópanse sen subxección, motivo este que cada ano provoca o deterioro dos mesmos, obstáculos na estrada e danos lves a vehículos.

Por isto,

Solicitamos que se faga inventario dos que están sen ancoraxe e á maior brevidade posible se proceda á instalación dos mesmos por parte do persoal municipal.

3.- Na entrada de Galdo a continuación da ponte de San Martiño, hai na beirarrúa un tramo de máis de vinte metros que, malia ter unha cuneta de dous metros de profundidade por onde transcorre un regacho, non conta con ningún tipo de protección. Tamén en Galdo, despois da ponte de Portochao, hai unha situación semellante que ten unha deficiencia parecida.

Por isto,

Solicitamos que se poñan en contacto coa Deputación para emandar estas carencias antes de que teñamos que lamentar algún sinistro.

4.- En Verxeles, na rúa Dr. José Illade, fronte a Alco, S.L., hai unha reixa que atravesa a rúa na súa totalidade, que recolle gran cantidade de auga e que está totalmente obstruída desde que se efectuou a canalización do gas natural na zona.

Por isto,

Solicitamos que requiran á empresa que realizou a citada obra para que proceda á limpeza da mesma antes da chegada das choivas, para que non sexan os operarios e operarias municipais quen arranxen as desfeitas provocadas por entidades privadas.

5.- Co fin de axilizar a solicitude presentada no Rexistro municipal sobre a Rede de Traída de Agua e Saneamento, hai máis de dous meses, e que segue sen ser atendida, traemos a este Pleno o seguinte Rogo:

Que esta Alcaldía demande de ViAQUA, empresa concesionaria deste servizo, a documentación que a continuación detallamos:



- 1.- Planos actualizados da rede de abastecemento de auga.
- 2.- Planos actualizados da rede de saneamento.
- 3.- Número de quilómetros que forman a rede de abastecemento de auga.
- 4.- Número de quilómetros que conforman a rede de saneamento.
- 5.- Número de vivendas con acceso á rede de subministro de auga.
- 6.- Número de vivendas conectadas á rede de subministro de auga.
- 7.- Número de vivendas con acceso á rede de saneamento.
- 8.- Número de vivendas conectadas á rede de saneamentos
- 9.- Número de pozos e bombeo instalados sen funcionar.
- 10.- Número de pozos de bombeo en funcionamento.
- 11.- Porcentaxe da auga subministrada que alcanza a facturación.
- 12.- Número de metros percorridos por cada un dos materiais empregados na rede de distribución de auga: fundición, fibrocemento, polietileno, PVC, ...
- 13.- Número de controis mensuais efectuados nas billas das abonadas e dos abonados.
- 14.- Número e duración das avarías producidas na rede de subministración de auga do concello de Viveiro no presente ano.

6.- En Pleno celebrado o día 6 de febreiro de 2014, a Sra. Alcaldesa foi facultada, por unanimidade pola anterior Corporación, para levar a cabo as xestións oportunas diante da Xunta de Galicia para a desafectación para uso municipal e reversión do inmovible Centro Comarcal da Mariña Occidental, constituído en terreos municipais postos a disposición da Xunta de Galicia polo noso Concello por non ser utilizado o mesmo para a finalidade para a que fora cedido.

Por isto,

Solicitamos información para coñecer en que estado estás as xestións encomendadas

Rogamos que este equipo de goberno consulte ao resto dos grupos que conformamos esta Corporación antes de decidir a finalidade que se lle vai dar ao mesmo, no caso de que dita reversión se produza.

7.- Dende Son Viveiro queremos denunciar, debido a varias queixas veciñais, o estado lamentable dalgunhas farolas, moitas delas coas caixas da luz abertas, cos mecanismos e cables á vista ou mal amañadas con parches de cinta illante. Isto supón un perigo para os viandantes, e sobretudo para os nenos e nenas, aos que a caixa lle queda a altura; máis cando moitas destas farolas en mal estado encóntranse en zonas de paso e de xogo, no parque, e varias nas inmediacións da Gardería Municipal.

Por iso dende Son Viveiro instamos ao goberno local que tome medidas serias no asunto, se arranxen as caixas como é debido e de inmediato, e se revisen na súa totalidade para evitar posibles accidentes; porque máis vale actuar que lamentar.

Intervén a Sra Alcaldesa que di que o problema real radica en que está próximo a unha curva. Hai postes que non interfíren na visibilidade, pero intentarase arranxar a situación e enviar cartas a Begasa para a substitución.

Respecto ao segundo punto manifesta que son conscientes de contenedores algún deteriorados e que cada ano cando o persoal ten tempo imos procurando arranxar o problema.

No tocante ao punto tres comunicouse á Deputación Provincial, aos responsables da obra a partir de informar capataz de Deputación entendeu que non era prioritario. Reitera que con Portochao non saben a que se refíere, e que irá Cal con SON para ver o caso.



A Sra. Alcaldesa di do punto catro que comprobarán o problema e valorarase se foi a empresa e se o foi requerirase.

Respecto ao punto cinco asolicitudes q que foi do 3 de agosto de 2015, deuselle e traslado a Viaqua para o informe polo que cando estea resolverase a súa solicitude.

Respecto ao punto seis a Sra. Alcaldes di que o acordo foi remitido á conselleria de facenda o 10 de febreiro 2014, o 30 outubro 2014 enviaronse dous escritos solicitando ser informados e o 14 de novembro 2014 recibíuse un escrito indicando que a certificación fora remitida polo organismo competente. En data 22 de xullo 2015 pideuse información á Conselleria de Medio Rural sobre isto, non obtendo información. Manifesta que foi dúas veces a Santiago a enterarse e que Volverán a insistir como sempre.

No tocante ao punto sete a Sra. Alcaldesa refírese a que o deterioro das farolas é por causa allea ó goberno local. O electricista cando coñece eso adopta medidas oportunas e se ten coñecemento dalgunha rogaría que fora comunicado ó Concelleiro de Obras ou ó electricista.

ROGOS E PREGUNTAS PRESENTADOS POR SON VIVEIRO CON (Nº DE REXSITRO DE ENTRADA 7370)

PREGUNTAS

1.- Con relación á solicitude feita no Pleno do día 2 de setembro referente á situación do Camiño Vello, ningunha das anomalías denunciada foron atendidas, a pesar de que algunhas poden ser arranxadas facilmente como é colocar algún pinto de luz nos máis de cen metros comprendidos entre os Xulgados e as proximidades da capela de Malates que actualmente están a escuras, arranxar o desnivel do asfalto na reixa situada fronte á mencionada capela ou colocar un valo metálico de protección na ponte de ferrocarril que impida a caída de vehículos ou persoas á vía.

¿Está previsto, en datas próximas, levar a cabo algún tipo de actuación na citada rúa para arranxar estas deficiencias?

2.- Outro rogo realizado no mesmo Pleno por SON VIVEIRO referíase á necesidade de verificación por parte da Policía Local dos vaos existentes, a ocupación continua das zonas de carga e descarga e das prazas de minusválidos por parte do/as seus familiares durante todo o día.

Ata esta coalición varias persoas fanos chegar queixas baseadas no desigual trato que etsdán recibindo persoeiros relevantes da vida municipal que de maneira continuada infirmen a lei ocupando unha ou dúas das prazas reservadas para minusválidos e minusválidas, nas que está prohibido estacionar máis de trinta minutos.

¿tenlle encomendada este goberno á Policía Local unha actuación dilixente sobre o particular e rematar cos privilexios que gozan cidadás e cidadáns que debían servir de exemplo polas distincións que lles foron outorgadas?

3.-No pasado Pleno Ordinario do mes de setembro, o grupo SON VIVEIRO, que teño a honra de representar, presentou unha moción na que, logo do seu debate, foi aprobada por unanimidade e



pola que Sra. Alcaldesa se comprometía a facer as xestións oportunas diante das Comunidades de Montes.

¿ Convocou a Sra. Alcaldesa a estas organizacións para tratar de estbalcer algún tipo de convenio ou acordo que equilibre economicamente a aportación das dúas partes ás obras comunitarias?

4.- Na entrada a Viveiro por Verxeles, cando se ampliou a ponte do ferrocarril, foi construído un muro de formigón que está sen rematar e que actualmente serve de vertedoiro.

¿ Cando se prevé rematar a obra e facer o recheo da parte traseira do devandito muro?

5.-Antes de facerse cargo da entidade a nova Xunta Directiva do Viveiro C. F. Tiveron lugar varias xuntanzas con esta Alcaldía solicitando un compromiso de colaboración.

¿ Cal foi o acordado acadado? ¿ Foi abonada por parte deste grupo de goberno algunha subvención, a través de convenio ou pago directo de facturas que non figurasen no Orzamento Municipal?

6.-¿ Ten recibido ou solicitado esta Alcal'da informes á Consellería de Medio Rural e á Deputación provincial sobre a posibilidade, coa chegada da época de choivas, de desprendementos no monte situado na parte traseira dalgunhas vivendas na ponte de Lnadrove? ¿ Contemplanon tomar algun tipo de medida para afronatr este problema?

7.- No pleno do día 29 de novembro de2012, foi presentada unha pregunta sobre o pozp de bombeo D`Pontigo encargado de poñer en servizo o saneamento dos burgos da Feira DE Galdo, O Pontigo, Hermosende e A Parraguesa, alegando esta Alcal'dia que Begasa e o Concello diferían sobre quen debía facer a aportaciún económica para realizar o necesario reforzpo de liña pero que o tema estaba solucionado eque a súa posta en funcionamento se faría nesa mesma semana. Psaron case tres anos e o pozo segue sen funcionar.¿ Non se arranxou aínda o litixio coa compañía eléctrica ou é outro o motivo polo que os anteditos barrios seguen sen saneamento?

8.- Varios veciños D`Atrave , Galdo, achegáronnos queixas e o seu malestar polas continuas roturas na traída de augas

¿ Tenlle encargado este goberno algún tipo de actuación á compañía VIAQUA na procura dunha solución duradeira e non o eventual “parcheo” actual?

9.- En distintas rúas e prazas, están circulando vehículos que exceden en tamaño e contan con varias toneladas mási das permitidas , provocando graves deterioros no pavimento.

¿ Que tipo de control se fai para que só faga quen conte coa autorización puntual para circular polo interior do casco urbano?

Intervén a Sra. Alcaldesa que manifesta que respecto ao punto primeiro as necesidades diarias son moitas, o persoal de obras é o xusto e a falta de farolas non se corresponde coa realidade. Di que había dúas bombillas funcidadas, arranxousem e hai luces nesa zona. Neste senso, o electricista ten orde de por dúas farolas máis grande ó edificio de Vilamiño. Esto foi encargado a Carferlo (pedir a Natalia).

Respecto ao segundo punto a Sra. Alcaldesa manifesta que non lle consta que persoas relevantes fagan iso. Instao a decir o nome e así poderase verificar se o que se o que din é verdade.



No que se refire ao punto tres a Sra. Alcaldesa responde que fai un mes, en setembro, delegou a xestión no concelleiro de Medio Rural e se reunira cando outras cuestións o permitían.

Respecto ao punto catro di que xa está rematado e que sirva de vertedoiro é un tema de civismo. Mnaifesta que que non se encheu o oco de terra para xestionar con Feve rebaixar o montículo onde hai carpa dun bar.

A sra Alcaldes di que sobre o preguntado no punto cinco foi convocada a comisión de portavoces onde se falou co representante de SON presente.

Respecto ao punto seis di que cando houbo os desprendementos estivera a delegada da Xunta e o Concelleira de Medio Rural, e solicitouse que que mandaran técnicos que avaliaran o perigo.

Respecto ao preguntado no punto sete considera que xa foi ben debatido

A Sra. Alcaldesa refire respecto ao punto oito que o Concelleiro de Medio Rural estivo varias veces ali e dirixiuse ó encargado de Viaqua en Viveiro que ten como cuestión urxente repoñela.

No tocante ao punto nove responde que o acceso ó casco pode realizarse por pases puntuais ou tarxetas, que se encargan á policía e que darán orde para que se revise. Teñen tarxeta coa tonelaxe e teñen que respetalo.

Leése a pregunta presentado oralmente por Son viveiro. A Alcaldía contesta nese momento dicindo que sí, que se mandou escrito á Xunta para decidir que nos sumábamnos ós actos e se falou co presidente da Real Academia Galega que nos felicitou pola prensa.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 23:15 horas do día 7 de outubro de 2015, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

-